

CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2022

Expediente: 72/142

Ao obxecto de dar cumprimento aos requirimentos previstos no artigo 168.1 e) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, preséntase o informe económico de gastos no que se acredita a suficiencia dos créditos para atender ao cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

Réxime xurídico de aplicación

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, (TRLRFL).

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, (LOEOSF).

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC 2010).

Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, (LRBRL), coa modificacións da Lei 27/2013, (LRSAL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o título sexto da LRFL, (RP).

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais coa modificación operada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.


Bases de Execución do Orzamento.

A Comisión Europea decidiu aplicar a cláusula xeral de salvagarda do Pacto de Estabilidade e Crecemento en 2020, prorrogouna para o exercicio 2021 e o pasado mes de xuño considerou que se cumprían as condicións para mantela en vigor tamén para o ano 2022.

De acordo coas directrices comunitarias, o Consello de Ministros do 6 de outubro de 2020 suspendeu as regras fiscais dese ano e do seguinte (2020-2021); o Congreso dos Deputados apoiou a decisión do Goberno o día 20 dese mesmo mes. A teor dos plans orzamentarios do próximo exercicio, o Consello de Ministros do pasado 27 de xullo acordou o mantemento da suspensión das regras fiscais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/11/2021 08:39	Páxina 1 de 29
72/142	CSV: A1A8A2-AAD7B5-D5C63C-VSKSFF-R3ZM7E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2022

Expediente: 72/142

O Pleno do Congreso dos Deputados en sesión do 13 de setembro de 2021, aprecia que persisten as condicións de excepcionalidade que xustifican manter suspendidas as regras fiscais, polo que activou os artigos 135.4 da Constitución e do 11.3 da Lei de Estabilidade Orzamentaria, que permiten aparcar os obxectivos de déficit e débeda en situacións de emerxencia extraordinaria.

I.- CONSIDERACIÓNS XERAIS

O artigo 165 do TRLRFL, regula o contido dos orzamentos integrantes do orzamento xeral, establecendo no seu apartado 1, que o orzamento xeral atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei 18/2001, Xeneral de Estabilidade Orzamentaria.

Pola súa parte, o artigo 3 da LOEPSF, regula o principio de estabilidade orzamentaria, establecendo que a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea.

Entenderase por estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

O artigo 12 da LOEPSF, regula a Regra de gasto, establecendo que a variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española (TRCPIB).

O artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, nos requirimentos de información, establece que no prazo fixado, antes do 31 de xaneiro, remitiranse os orzamentos aprobados e os estados financeiros iniciais de todos os suxeitos e entidades comprendidos no ámbito de aplicación desta Orde, dos investimentos previstos realizar no exercicio e no tres seguintes, coa súa correspondente proposta de financiamento (PAIF), e os estados de previsión de movemento e situación da débeda.


Achegarase igualmente a información que permita relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos do orzamento coa capacidade ou necesidade de financiamento, calculada conforme ás normas do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, SEC-2010.

O informe da intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade e do límite da débeda.

O artigo 15 da LOEPSF, establece que no primeiro semestre de cada ano, o Goberno, mediante acordo do Consello de Ministros, coa proposta do Ministro de Facenda e previo informe do Consello de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/11/2021 08:39	Páxina 2 de 29
72/142	CSV: A1A8A2-AAD7B5-D5C63C-VSKSFF-R3ZM7E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2022

Expediente: 72/142

Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas e da Comisión Nacional de Administración Local en canto ao ámbito das mesmas, fixará os obxectivos de estabilidade orzamentaria, en termos de capacidade ou necesidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, e o obxectivo de débeda pública referidos a o tres exercicios seguintes, tanto para o conxunto de Administracións Públicas como para cada un dos seus subsectores.

O artigo 13 da LOEPSF, instrumenta o principio de estabilidade financeira, fixando o límite do volume de débeda pública, definida de acordo co Protocolo sobre Procedemento de déficit excesivo, do conxunto de Administracións Públicas non poderá superar o 60 por cento do Produto Interior Bruto nacional expresado en termos nominais, ou o que se estableza pola normativa europea.

Este límite distribuirase de acordo coas seguintes porcentaxes, expresados en termos nominais do Produto Interior Bruto nacional: 44 por cento para a Administración central, 13 por cento para o conxunto de Comunidades Autónomas e 3 por cento para o conxunto de Corporacións Locais.

De acordo á Disposición Transitoria Primeira da LOEPSF, o cumprimento destes límites queda diferido ao ano 2020.

Obxectivos previstos para o ano 2022.

A suspensión das regras fiscais non implica que se abandone o compromiso coa consolidación fiscal, Mantense o compromiso coa estabilidade orzamentaria.

Os obxectivos de déficit, están delimitados nunhas taxas de referencia orientativas establecidas polo Executivo para o período 2021-2024 que debuxan unha marcada tendencia descendente.

Para o ano 2022, prevese unha taxa de referencia do déficit do 5%.

O groso do déficit calculado para o próximo exercicio (3,9 puntos porcentuais dos 5) corresponderá á Administración Central.


O resto do déficit repartirase entre comunidades autónomas (0,6 puntos) e a Seguridade Social (0,5 puntos).

As Entidades Locais manterán a súa taxa de referencia en equilibrio, en consecuencia, tanto a formación do Orzamento como a Liquidación do ano 2022, terá que estar en equilibrio.

Tampouco hai TRCPIB₂₀₂₂, a suspensión dos obxectivos non fixou un marco para o ano 2023, descoñecendo cal vai a ser a metodoloxía de cálculo para fixar a base da TRCPIB₂₀₂₃.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/11/2021 08:39	Páxina 3 de 29
72/142	CSV: A1A8A2-AAD7B5-D5C63C-VSKSFF-R3ZM7E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2022

Expediente: 72/142

En relación coa suspensión dos obxectivo de estabilidade financeira, as EE.LL tiñan que limitar o endebedamento ao 3% do PIB no ano 2020, pecharon ao ano 2020 cun endebedamento do 2,00% do PIB. En particular, o Concello de Vigo non ten endebedamento financeiro, polo que este obxectivo non é avaliable dende o ano 2016.

En relación aos ingresos.

As ordenanzas fiscais non tiveron revisión de tipos, polo que as variacións que se produzan, con signo positivo ou negativo, teñen orixe nas variacións tendenciais que marca cada ano a conxuntura económica.

A variación pola cesión de Tributos do Estado (IRPF, IVE e II.EE), segundo o Proxecto de Orzamentos Xerais do Estado presentado para o ano 2022, prevé un incremento nas entregas a conta pola cesión de impostos estatais do 11%. A contía que figura de incremento no Fondo Complementario de Financiamento é dun 13%. En cifras para as entidades do artigo 111 e 135 da TRLRFL, no FCF o incremento é de 927 millóns, na cesión de 229 millóns.

As previsións coas que se formaron o Orzamento do Concello están sometidas a un criterio de prudencia, fundamentadas en que se están avaliando variacións medias, de aí, que se considerase un crecemento do 9% en relación coas entregas a conta do ano 2021.

A Disposición adicional septuaxésima oitava do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais, regula as Compensación ás Entidades Locais polo efecto da implantación da Subministración Inmediata de Información do IVE (SII- IVE) na liquidación da participación en tributos do Estado de 2017.


No Proxecto de orzamento, figuran dúas partidas na clasificación Orgánica 37.02, programa funcional 942N, partida 462, dotación SII-IVA, que resulta do saldo da axuste correspondente á Liquidación do ano 2017, por unha contía de 496.085.069 euros, que en termos porcentuais, corresponde aos Concellos de Cesión, un 39%, que suporá arredor de 194 millóns de euros, que en termos de liquidación, acadará unha contía de máis menos, 1.700.000 euros para o Concello de Vigo.

Disposición adicional octoxésima. Dotación adicional de recursos para incrementar o financiamento ás Entidades Locais, con motivo dos saldos globais negativos das liquidacións da participación en tributos do Estado relativas ao exercicio 2020.

En relación co anterior, figura no mesmo programa orzamentario, unha dotación de 731.790.270 euros, para facer fronte ás compensacións pola Liquidación negativa do ano 2020. En relación coa mesma, non se contempla no proxecto do orzamento desta entidade contía algunha, xa que, unha vez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/11/2021 08:39	Páxina 4 de 29
72/142	CSV: A1A8A2-AAD7B5-D5C63C-VSKSFF-R3ZM7E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2022

Expediente: 72/142

que se notifique a liquidación negativa, farase o rexistro da débeda na Contabilidade financeira, procedéndose a partires de esa anotación, a rexistrar un Dereito Recoñecido cun ingreso en formalización pola contía que se lle compensa ao Concello de Vigo, e a súa vez, unha devolución de ingreso con pagamento en formalización a favor de Ministerio pola mesma contía, polo que, o resultado de ambas operacións, non altera o estado de ingresos, xa que en termos netos, hai un DR-I en formalización, e unha OPD, DIE en formalización.

En resumo, ao marxe do axuste particular do que non se dispón a esta data, en relación cos ingresos por (IRPF, IVE, II.EE e FCF), vaise incrementar un 9% en relación cos ingresos a conta do ano 2021.

En canto á Participación nos Tributos da Comunidade Autónoma, mantense a contía do ano anterior.

En relación coa subvención para o Servizo de Axuda no Fogar, a previsión que se reflicte está relacionada coas horas de prestación concedidas pola Xunta de Galicia, 429.626 horas, cun cofinanciamento de 9,7 euros/hora, sendo o custe 16,69 euros. O gasto tamén está cuantificado tendo en conta o número de horas, polo que si se fixese unha prestación menor, a redución no ingreso tamén tería efectos no estado de gastos. Para o servizo do CEDRO, faise a previsión de acordo ao convenio coa FEGAMP, faise un axuste en relación co ano anterior.

Como resume en relación cos recursos, a mellora está relacionada coa maior entrega a conta polo FCF e pola cesión de impostos do Estado, así como cos convenios de outras administracións que financiarán empregos correntes e de capital non financeiro así como nos axustes das entregas a conta. Non se produce unha mellora nos recursos propios xa que o Concello non aprobou unha actualización fiscal, as variacións positivas ou negativas en cada caso, teñen orixe en axustes nos padróns fiscais ou na variación tendencial.

Como recursos non financeiros de capital, están o Fondos de Recuperación, Transformación e Resiliencia, así como o convenio coa Excmá Deputación de Pontevedra.


II.- ANÁLISE ECONÓMICO DO ESTADO DE GASTOS

A análise vaise facer para os estados consolidados co criterio de consolidación do TRLRFL, é dicir, entidades con Orzamento limitativo: Entidade Local e Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, se prexuízo da incorporación ao informe das magnitudes que representan as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación nos termos que regula a Lei Orgánica 2/0012.

O estado de gastos das operacións correntes non financeiras da Entidade ten unha variación positiva do 2,97% en relación co ano anterior, os estados consolidados, crecen un 3,05%. O aumento que será



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/11/2021 08:39	Páxina 5 de 29
72/142	CSV: A1A8A2-AAD7B5-D5C63C-VSKSFF-R3ZM7E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2022

Expediente: 72/142

explicado e xustificado, no capítulo 2, ten orixe no incremento do contrato de prestación do SAF, o prezo revisado do contrato de Tratamento integral de residuos, a modificación correspondente ao novo contrato de xardíns e P. Infantís, o programa de inmersión lingüística, o incremento no gasto enerxético pola alza do prezo do subministro, aumento na dotación para a prestación do servizo de mantemento de túneles e mantemento da infraestrutura eléctrica, novo contrato do servizo de limpeza en instalacións deportivas, novas escolas infantís, etc.

No entanto, o capítulo que ten un impacto maior e o capítulo 1, gastos de persoal, que ten unha variación do 3,52% en termos consolidados, sendo a causa, a actualización retributiva prevista no Proxecto de Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, que fixa a actualización no 2%. A esta porcentaxe, hai que engadirle, o 0,9% de actualización que corresponde ao ano 2021, que non estaba prevista no Orzamento aprobado para ese ano. Por último neste capítulo, tamén se dota unha aplicación por unha contía de 755.000 euros e outra de 650.000,00 euros, para incorporar as retribucións variables por nocturnidade e festividade da Policía Local ao complemento específico das prazas asociadas a ese posto, e facer unha valoración de determinados factores que conforman o devandito complemento no colectivo.

En canto as operacións de capital, a súa variación é dun (50,43%) no Orzamento da Entidade e dun (52,49%) nos estados consolidados.

A variación dos empregos non financeiros é dun (7,86%) na Entidade Local e dun (8,16%) nos estados consolidados.

A variación total do orzamento en relación co ano 2021, é do (7,83%) na Entidade Local e dun (8,14%) nos estados consolidados.


Están incluídos no proxecto, o convenio asinado coa Excma. Deputación de Pontevedra, o programa EDUSI e parte das Solicitudes correspondentes aos FRTR, que en relación co MITMA, xa teñen financiamento propio, polo que, de non producirse unha resolución favorable, o seu financiamento sería a cargo da incorporación de remanentes financiado con RLTXG. En canto aos fondos solicitados dá estratexia turística, a Disposición Final DÉCIMA das Bases de Execución do Orzamento, regulamenta as dotacións orzamentarias cuxa executividade está condicionada á notificación da concesión da subvención.

III.- ANÁLISE FUNCIONAL DO GASTO.

Os créditos ordénanse segundo a súa finalidade, con arranxo á clasificación por áreas de gasto, políticas de gastos, grupos de programas e programas. A análise que se achega o fai a nivel políticas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/11/2021 08:39	Páxina 6 de 29
72/142	CSV: A1A8A2-AAD7B5-D5C63C-VSKSFF-R3ZM7E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2022

Expediente: 72/142

de gasto, por conformar uns empregos homoxéneos que posibilita determinar de xeito inequívoco para que se gasta. A información está a reflectir os estados consolidados.

A táboa que se amosa, reflicte a variación das políticas de gasto de acordo a estrutura da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, rexistrando tanto a variación cuantitativa.

Inclúese no informe e nos estados que forma parte do mesmo, a información consolidada.

O expediente artellouse de acordo cos requirimentos que establece TRLRFL, é dicir, completos, pero aínda así, considérase necesario para facilitar a transparencia dos datos, a inclusión das cifras consolidadas e a súa análise comparativa.

Política de gasto	Codificación	2022	2021	variación	Porcentaxe
Débeda pública	01	5.000,00	5.000,00	,00	0,00%
Seguridade e Mobilidade	13	40.021.432,71	36.869.394,58	3.152.038,13	8,55%
Vivenda e Urbanismo*	15	43.031.642,45	29.631.783,78	13.399.858,67	45,22%
Benestar comunitario	16	53.888.001,25	51.995.608,97	1.892.392,28	3,64%
Medio Ambiente	17	15.556.026,77	13.160.506,78	2.395.519,99	18,20%
Outras prestacións a empregados	22	1.320.352,05	1.343.556,49	-23.204,44	-1,73%
Servizos Sociais e promoción Social**	23	18.833.354,13	17.874.659,18	958.694,95	5,36%
Fomento de Emprego***	24	4.546.680,79	5.687.750,44	-1.141.069,65	-20,06%
Sanidade	31	2.216.983,25	2.256.688,41	-39.705,16	-1,76%
Educación	32	15.535.474,60	15.400.592,07	134.882,53	0,88%
Cultura	33	15.109.957,17	13.376.900,45	1.733.056,72	12,96%
Deportes	34	12.546.728,18	11.664.689,18	882.039,00	7,56%
Comercio e Turismo	43	6.623.779,43	5.936.786,87	686.992,56	11,57%
Transporte Público	44	12.846.400,00	12.646.400,00	200.000,00	1,58%
Outras actuación carácter económico****	49	143.199,19	683.410,39	-540.211,20	-79,05%
Órganos de Goberno	91	5.366.517,79	5.343.452,53	23.065,26	0,43%
Servizos de carácter xeral	92	22.453.380,48	22.313.133,27	140.247,21	0,63%
Administración financeira e tributaria*****	93	14.555.018,35	15.793.582,33	-1.238.563,98	-7,84%
Transferencias a outras administracións	94	466.967,59	463.141,28	3.826,31	0,83%
Total		285.066.896,18	262.447.037,00	22.619.859,18	8,62%
Investimentos da política	23	435.360,00	1.564.000,00	-1.128.640,00	-72,16%
Total orzamento consolidado		285.502.256,18	264.011.037,00	21.491.219,18	8,14%


* Inclúe Fomento
 **Se comparan as políticas de G.corrente, o investimento e transferencia capital no ano 2022 son por 435.360 euros
 *** Estaba incluída o Plan Inserción Laboral do Estado, neste ano no está incluído e o programa EDUSI
 **** Estaba incluída a achega á EPE pola subvención Edificios intelixentes
 ***** Engade Patrimonio, Balaidos, que no ano 2021, a Deputación fixo a achega máis importante do Convenio

Informe económico de gastos, Orzamento Concello de Vigo para o ano 2022

7



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/11/2021 08:39	Páxina 7 de 29
72/142	CSV: A1A8A2-AAD7B5-D5C63C-VSKSFF-R3ZM7E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2022

Expediente: 72/142

A análise por programas reflíctese na memoria.

Incorpóranse ao informe os estados orzamentarios resumidos por Áreas de Gasto e por capítulos, tanto da Entidade Local como os consolidados, establecéndose os estados comparativos en relación cos do orzamento do ano 2021. A finalidade é a de conseguir unha visión simplificada da información orzamentaria, que con independencia da análise técnica que se desenvolva no informe, posibilite unha visión concluínte, tendo en conta os estados comparativos.

Amósanse de seguido os cadros comparativos da distribución Orzamentaria atendendo á natureza económica e por Áreas de gasto, tendo en conta a estrutura aprobada pola Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.


CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS 2022 E COMPARATIVA CO ANO 2021

CAPÍTULO	Gastos Entidade			Ingresos Entidade		
	Importe 2022	Importe 2021	Variación %	Importe 2022	Importe 2021	Variación %
1	72.418.066,89	70.028.171,00	3,41%	113.120.306,00	113.666.541,40	-0,48%
2	135.607.453,43	131.221.341,30	3,36%	10.362.766,18	8.975.743,44	15,45%
3	30.530,00	8.530,00	257,91%	39.928.577,00	40.709.477,00	-1,92%
4	33.120.378,69	32.940.184,38	0,49%	93.297.348,57	84.650.720,37	10,21%
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	2.784.059,76	2.811.396,00	-0,97%
Operc. Corr.N.F	241.776.429,01	234.798.226,68	2,97%	259.493.057,51	250.813.878,21	3,46%
6	39.743.352,32	25.517.628,30	55,75%	,00	,00	0,00%
7	771.444,00	1.429.385,44	-46,03%	22.798.167,82	10.931.362,21	108,56%
Operacións N.F	282.291.225,33	261.745.240,42	7,85%	282.291.225,33	261.745.240,42	7,85%
8	500.000,00	500.000,00	0,00%	500.000,00	500.000,00	0,00%
9	,00		0,00%	,00		0,00%
Total	282.791.225,33	262.245.240,42	7,83%	282.791.225,33	262.245.240,42	7,83%

A variación máis salientable, reflíctese no capítulo 6, de investimentos, que a súa vez, teñen causa non só no maior superávit corrente da entidade, senón nas achegas de outras administracións.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/11/2021 08:39	Páxina 8 de 29
72/142	CSV: A1A8A2-AAD7B5-D5C63C-VSKSFF-R3ZM7E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2022

Expediente: 72/142

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL DE GASTOS E COMPARATIVA 2022-2021

Área	Descrición	Entidade		% var.	Consolidado		% var.
		2022	2021		2022	2021	
0	Débeda Pública	5.000,00	5.000,00	0,00%	5.000,00	5.000,00	0,00%
1	Servizos Públicos básicos	149.786.072,33	129.891.497,53	15,32%	152.497.103,18	131.657.294,11	15,83%
2	Actuación de protección e promoción social	25.135.746,97	26.469.966,11	-5,04%	25.135.746,97	26.469.966,11	-5,04%
3	Produción B. públicos carácter preferente	45.409.143,20	42.698.870,11	6,35%	45.409.143,20	42.698.870,11	6,35%
4	Actuacións de carácter económico	19613378,62	19.266.597,26	1,80%	19.613.378,62	19.266.597,26	1,80%
9	Actuacións de carácter Xeral	42.841.884,21	43.913.309,41	-2,55%	42.841.884,21	43.913.309,41	-2,55%
Total		282.791.225,33	262.245.240,42	7,83%	285.502.256,18	264.011.037,00	8,14%


CLASIFICACIÓN ECONÓMICA GASTOS-INGRESOS DOS ESTADOS CONSOLIDADOS, COMPARATIVO 2022-2021

CAPÍTULO	Gastos dos estados consolidados			Ingresos dos estados consolidados		
	Importe 2022	Importe 2021	Variación %	Importe 2022	Importe 2021	Variación %
1	78.109.584,92	75.451.540,74	3,52%	113.120.306,00	113.666.541,40	-0,48%
2	137.356.931,25	133.004.120,34	3,27%	10.362.766,18	8.975.743,44	15,45%
3	30.530,00	8.530,00	257,91%	41.593.957,85	42.092.099,68	-1,18%
4	27.290.413,69	27.129.832,18	0,59%	93.459.998,57	85.000.894,27	9,95%
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	2.785.059,76	2.812.396,00	-0,97%
Operac. Corr.N.F	243.387.459,86	236.194.023,26	3,05%	261.322.088,36	252.547.674,79	3,47%
6	40.741.352,32	25.785.628,30	58,00%	,00	,00	0,00%
7	841.444,00	1.499.385,44	-43,88%	23.648.167,82	10.931.362,21	116,35%
Operacións. N.F	284.970.256,18	263.479.037,00	8,16%	284.970.256,18	263.479.037,00	8,16%
8	532.000,00	532.000,00	0,00%	532.000,00	532.000,00	0,00%
9	,00		0,00%	,00	,00	0,00%
Total	285.502.256,18	264.011.037,00	8,14%	285.502.256,18	264.011.037,00	8,14%

No seguinte cadro vaise amosar a variación dos últimos anos das Operacións Correntes Non Financeiras.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/11/2021 08:39	Páxina 9 de 29
72/142	CSV: A1A8A2-AAD7B5-D5C63C-VSKSFF-R3ZM7E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2022

Expediente: 72/142

A análise faise para os estados consolidados, eliminando así o sesgo que se puidese incorporar pola variación dos Organismos Autónomos, aínda que estes tiveron a súa integración nos orzamentos do ano 2016, avalíase igualmente o superávit corrente.

O orzamento da Entidade, reflicte a totalidade do gasto tanto da Entidade como o dos Organismos Autónomos disoltos (IMD, Vigo ZOO e EMAO), integrados con programa propio e de xestión centralizada, polo que, os custes do servizo de persoal, contratación, contabilidade, fiscalización, secretaria, orzamentario, tesourería e demais que se consideran transversais ou mediais, pasaron a ser desenvolvidos polos servizos municipais, o que supón un aforro na estrutura de custes.

Empregos	Anos						Total Variación
	2017	2018	2019	2020	2021	2022	
GNF.Correntes	-215.845.236,00	-220.109.389,00	-225.740.718,00	-234.257.885,39	-236.194.023,26	-243.387.459,86	-1.375.534.711,51
INF. Correntes	229.843.593,53	234.026.454,38	240.334.548,19	248.500.148,89	252.547.674,79	261.322.088,36	1.466.574.508,14
Superávit Corr.	13.998.357,53	13.917.065,38	14.593.830,19	14.242.263,50	16.353.651,53	17.934.628,50	91.039.796,63


FUNDACIÓNS QUE FORMAN PARTE DO PERÍMETRO DE CONSOLIDACIÓN

MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEO (MARCO)

CONCEPTOS	Empregos			Recursos			Variación
	Importe 2022	Importe 2021	Variación		Importe 2022	Importe 2021	
G. Persoal	298.993,00	296.326,00	0,90%	Ingresos actividade	11.000,00	40.640,00	-37,92%
Cons. eléctrico	100.000,00	100.000,00	0,00%	Subv. doazóns	810.000,00	835.000,00	0,00%
Exposicións	110.007,00	133.412,00	-17,54%	Achegas usuarios	10.500,00	10.450,00	-33,33%
Outros g. Activ.	296.000,00	337.379,00	-12,17%	Patrocinio La Caixa	10.000,00	10.000,00	0,00%
G.Financeiros	1.500,00	1.500,00	0,00%				0,00%
Amortiza. Inmv.	35.000,00	27.473,00	-29,63%				
	841.500,00	896.090,00			841.500,00	896.090,00	



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/11/2021 08:39	Páxina 10 de 29
72/142	CSV: A1A8A2-AAD7B5-D5C63C-VSKSFF-R3ZM7E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2022

Expediente: 72/142

A variación que amosa o capítulo 1 no seu anteproxecto, é do 0,9%, no entanto, o persoal ao servizo do sector público, tendo en consideración o previsto no Proxecto de Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, prevé unha actualización do 2% nas retribucións.

Este mesmo criterio sería aplicable á Fundación Convention Bureau.

CONVENTION BUREAU (CB)

CONCEPTOS	Empregos			Recursos			Variación
	Importe 2022	Importe 2021	Variación		Importe 2022	Importe 2021	
G. Persoal	181.383,13	181.383,13	0,00%				
Cons. e gast. xestión	25.401,87	38.101,87	-33,33%	Subv. doazóns	218.000,00	218.000,00	0,00%
Publ.mat. Promoc.	9.800,00	3.000,00	226,67%	Achegas socios	22.000,00	9.000,00	144,44%
Acc. promoción	269.900,00	264.000,00	2,23%	Out. ingresos	250.000,00	263.000,00	-4,94%
P. outros entes	3.515,00	3.515,00	0,00%				
Operac. N.F	490.000,00	490.000,00	0,00%		490.000,00	490.000,00	0,00%

IV.- CAPITULO I.- GASTOS DE PERSOAL.

Capítulo	Entidade	Or. Aut. XMU	Fund. Marco	Fund.CB	Total 2022	Total 2021	Variación
1	72.418.066,89	5.691.518,03	298.993,00	181.383,13	78.589.961,05	75.927.968,87	2.661.992,18

Este Capítulo reflicte a totalidade das retribucións do persoal que presta os seus servizos no grupo Concello de Vigo.


Reflicte tódolos conceptos retributivos previstos nos artigos 1 a 6 do Real Decreto 861/1996, de 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local e artigos 21 a 30 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, así como as retribucións do persoal laboral que forma parte do cadro de persoal. Por outra banda, tamén se consignan os gastos de formación e todos aqueles derivados do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do grupo Concello de Vigo.

Informe económico de gastos, Orzamento Concello de Vigo para o ano 2022

11



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/11/2021 08:39	Páxina 11 de 29
72/142	CSV: A1A8A2-AAD7B5-D5C63C-VSKSFF-R3ZM7E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2022

Expediente: 72/142

No Programa 9120, reflíctense as retribucións dos Srs. Concelleiros con dedicación exclusiva e parcial e as do persoal eventual, tanto os de gabinete como os asesores dos grupos políticos municipais. Estas dotacións están reflectidas nas partidas 1000000, 1100000 e 1600001. Están dotados para todo o ano as prazas vacantes que figuran na plantilla vixente. Tamén os custes da Seguridade Social.

Figuran neste capítulo, as dotacións para o Plan Emprego de inserción, así como os programas de inserción laboral que figuran no programa 2410. No programa 9200, están dotados os gastos para os contratos de apoio á xestión do programa DUSI, así como as dotacións para outras modalidades de contratación, a dotación para as relacións laborais indefinidas por sentenza, os complementos variables destinados a Produtividade e Gratificacións.

No programa 2210, dótase o Fondo Social, o Seguro colectivo de vida e accidentes, a asistencia médica do persoal e a achega municipal ao Fondo de Pensións.

En canto á formación, salvo os plans de formación anual, que se dota no programa 9201, as demais, cada programa ten a súa propia dotación, que ten por finalidade a de facer fronte aos gastos de inscrición nas xornadas ou cursos específicos.

No programa 1320, as partidas 1210198, 1210199 e 1600001, por unha contía de 755.000,00 euros, 650.000,00 euros e 238.000,00 euros, teñen por obxectivo, sempre e cando se aprobe o preceptivo estudo, incorporar ao CE da Policía Local, os devengos por nocturnidade e Festividade, por considerarse que son retribucións asociadas ao posto. Este axuste afectaría aos postos que fan tres quendas, e segundo o informe do Sr. Intendente, afectaría a 156 prazas. Así mesmo, en relación coa dotación da partida 1210099, tería por finalidade, facer un axuste de valoración en determinados factores que conforman a valoración do CE do devandito colectivo. En canto á partida 1600001, ten por finalidade facer unha previsión no custe da Seguridade Social de estes conceptos.


Neste mesmo programa 1320, e no 1360 Servizo de Extinción de Incendios, tamén se dotan as partidas 1500000 e 1510000, para dar cobertura a este tipo de retribucións variables, sendo posible o seu aumento polos recursos dispoñibles das prazas dos devanditos programas.

As modificacións orzamentarias para incrementar a dotación destas partidas, terán que ser necesariamente de baixas de prazas non ocupadas nos respectivos programas orzamentarios.

Hai prazas vacantes dotadas orzamentariamente para todo o ano que non están incluídas en ningunha OEP por limitacións legais ou estando asociadas a OEP aprobadas non executadas, poderán conformar recursos para aumentar, se fose necesario, as aplicacións 9200.1400000, 9200.1410000, 9200.1500000, 9200.1510000, respectando os límites previstos na Disposición Adicional sétima das Bases de Execución do Orzamento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/11/2021 08:39	Páxina 12 de 29
72/142	CSV: A1A8A2-AAD7B5-D5C63C-VSKSFF-R3ZM7E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2022

Expediente: 72/142

En relación coa posibilidade de tramitar as preceptivas modificacións orzamentarias para suplementar as aplicacións orzamentarias referenciadas co financiamento dos recursos xerados polas prazas vacantes, pódense tramitar sempre dispoñendo dos recursos que non foron dispostos no tempo, é dicir, unha vez rematado o prazo de tramitación de incidencias, día 12 de cada mes, poderíase dispor do saldo dispoñible de ese período.

En todo caso, cada ano, na formación do proxecto de gastos do capítulo 1, deberase acometer a racionalización da plantilla, facendo a amortización das prazas que non poden ser incluídas en ningunha OEP ou transformándoas para axustar a estrutura da plantilla ás necesidades que xera o desenvolvemento da Administración electrónica, o saldo restante, destinarase a dotar as aplicacións 9200.1400000, 9200.1410000, e as partidas de natureza económica 1500000 e 1510000 coas estimacións anuais de gasto.

Para o ano 2022, acometeuse unha importante reestruturación deste capítulo, ademais dos axustes xa referenciados, amortizáronse un total de 53 prazas e creáronse 14 novas, basicamente de tipo técnico, os restantes recursos tiveron a súa aplicación á dotación das partidas descritas no programa 1320.


O Orzamento previsto para o capítulo 1 no orzamento do ano 2022, experimenta unha variación importante respecto da do ano 2021, ten unha variación do 3,52% en termos consolidados, sendo a causa, a actualización retributiva prevista no Proxecto de Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, que fixa a actualización no 2%, ademais do 0,9% de actualización que corresponde ao ano 2021, non prevista no Orzamento aprobado para ese ano. Por último, neste capítulo, tamén se dota unha aplicación por unha contía de 755.000 euros e outra de 650.000,00 euros e 238.000 euros para Seguridade Social, para incorporar as retribucións variables por nocturnidade e festividade da Policía Local ao complemento específico das prazas asociadas a ese/s postos, e facer unha valoración de determinados factores que conforman o devandito complemento no colectivo. Así mesmo, como se informou, tamén foron creadas 14 novas prazas.

En relación coa Taxa de Reposición de Efectivos, o artigo 20 do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado, fixa unha TRE do 120% para os sectores prioritarios, nos demais, un 110%, para as EE.LL que tivesen amortizada a débeda financeira a 31/12/2021, un 120% e un 125% para a Policía Local.

Para calcular a TRE, a porcentaxe de taxa máximo fixado aplicarase sobre a diferenza resultante entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio orzamentario anterior, deixaron de prestar servizos en cada un dos respectivos sectores, ámbitos, corpos ou categorías, e o número de empregados fixos que se incorporaron nos mesmos, no referido exercicio, por calquera causa, excepto os procedentes de ofertas de emprego público, ou reingresado desde situacións que non leven a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/11/2021 08:39	Páxina 13 de 29
72/142	CSV: A1A8A2-AAD7B5-D5C63C-VSKSFF-R3ZM7E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2022

Expediente: 72/142

reserva de postos de traballo. A estes efectos, computaranse os cesamentos na prestación de servizos por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación de excedencia sen reserva de posto de traballo, perda da condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo ou en calquera outra situación administrativa que non supoña a reserva de posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración na que se cesa. Igualmente, teranse en conta as altas e baixas producidas polos concursos de traslados a outras Administracións Públicas.

Non computarán dentro do límite máximo de prazas derivado da taxa de reposición de efectivos as prazas que se convoquen para a súa provisión mediante procesos de promoción interna e as correspondentes ao persoal declarado indefinido non fixo mediante sentenza xudicial.

No gasto orzamentado están incluídas as vacantes asociadas ás OEP aprobadas pendentes de executar.

Nas instrucións para a elaboración do capítulo I e cadro de persoal, recóllense as modificacións que se acordaron ao longo do ano 2021, así como as vacantes que se foron producindo no período e as correspondentes á Oferta/s de Emprego Público pendentes de execución.

No que atinxe ás retribucións dos membros da Corporación con dedicación exclusiva ou parcial, dótanse tendo en conta o acordo adoptado polo Concello-Pleno en sesión de data 1 de xullo de 2019 e a súa actualización no orzamento do ano 2020.

Retribucións por dedicacións exclusivas e parciais.

Alcalde-Presidente en réxime de dedicación exclusiva: 69.218,38 euros/ano, actualizado, 72.840,74 euros/ano.

Concelleiro/a en réxime de dedicación exclusiva: 59.582,74 euros/ano, actualizado, 62.700,82 euros/ano.


Concelleiro/a en réxime de dedicación parcial de 26 horas: 41.137,16 euros/ano, actualizado 43.295,16 euros/ano.

Ademais destas limitacións, as retribucións do Alcalde e dos Sres. Concelleiros, para o ano 2022, non serán maiores co previsto no artigo 75 bis da Lei 7/1985, incorporado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, quedando fixado o límite no 80% das retribucións previstas para un Secretario de Estado.

O Real Decreto lei 1/2014, de 24 de xaneiro, incorpora a DA nonaxésima á Lei 22/2013, de Orzamentos do Estado para o ano 2014, na que se fixan as retribucións dos membros das



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/11/2021 08:39	Páxina 14 de 29
72/142	CSV: A1A8A2-AAD7B5-D5C63C-VSKSFF-R3ZM7E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2022

Expediente: 72/142

Corporacións Locais en réxime de dedicación exclusiva, quedando a contía para os Concellos que teñen unha poboación entre 150.001 e 300.000 habitantes, na que se atopa Vigo, nun máximo de 80.000 euros por todos os conceptos retributivos. O Alcalde e os Srs. Concelleiros con dedicación exclusiva, teñen unhas retribucións máis baixas que o límite establecido, polo tanto, están a dar cumprimento tanto ao artigo 75 bis da Lei 7/1985 como o previsto no RD-I 1/2014.

De igual xeito, dáse cumprimento, ao previsto no artigo 75 ter e 104 bis da Lei 7/1985, incorporado pola Lei 27/2013, en canto ao número de concelleiros con dedicación exclusiva e de persoal eventual.

En relación con ambos límites máximos para a cidade de Vigo (18 concelleiros como máximo en dedicación exclusiva e 27 eventuais), estase a cumprir coas dúas limitacións.

Dedicacións exclusivas (12).

Ademais do alcalde-presidente, realizan as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva os seguintes cargos da Corporación:

10 concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista.

1 concelleiro/a do Grupo Municipal Popular.

Dedicacións parciais (3).

1 Grupo Municipal Marea de Vigo.

2 Grupo Municipal Socialista.

O réxime das indemnizacións dos Srs. Concelleiros que non teñan dedicación parcial nin exclusiva será o establecido no acordo do Concello-Pleno de data 26 de abril de 2004 e reflectido na Base 35ª das de Execución do Orzamento.

Persoal eventual (20 prazas, delas, 5 vacantes).

Incluídas as que corresponden ao persoal dos grupos políticos municipais.

A1: 12 prazas, das que DÚAS están vacantes.

C1: UNHA, Vacante


C2: 7 prazas, das que DÚAS están vacantes.

Informe económico de gastos, Orzamento Concello de Vigo para o ano 2022

15



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/11/2021 08:39	Páxina 15 de 29
72/142	CSV: A1A8A2-AAD7B5-D5C63C-VSKSFF-R3ZM7E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2022

Expediente: 72/142

Neste capítulo, en aplicación da estrutura orzamentaria (Orde EHA/3565/2008), as retribucións, tanto básicas como os complementos de destino, específico e antigüidade son obxecto de desagregación atendendo aos grupos de clasificación do persoal funcionario establecidos no artigo 76 do TREBEP, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

O devandito capítulo nos estados consolidados segundo o TRLRFL (Entidade máis Xerencia de Urbanismo), reflicte unha dotación orzamentaria de 78.109.584,92 euros.

Os gastos de persoal representan unha porcentaxe do total do orzamento consolidado equivalente ao 27,36% e un 32,09% sobre os gastos correntes non financeiros.

V.- CAPITULO II.- GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS.

Capítulo	Entidade	Or. Aut. XMU	Fund. Marco	Fund.CB	Total 2022	Total 2021	Variación
2	135.607.453,43	1.749.477,82	541.007,00	305.101,87	138.203.040,12	133.805.565,01	4.397.475,11

Análise económico.

Xustificación das variación máis salientables

1.-Pola diferenza entre o Convenio asinado coa Excm. Deputación de Pontevedra polo financiamento do plan de asfaltado que afecta ao gasto corrente non financeiro por unha contía de 300.000,00 euros.

3.- Variación importante en contratos:

Previsión do novo contrato de xestión integral dos RSU, previsto dende o 1 de abril/2022, 750.000,00 euros.

Previsión de modificación do contrato do servizo de parques e xardíns, parques infantís, biosaudables e espazos de lecer, incremento 331.000,00 euros.

Efecto tarifa no subministro eléctrico, 550.000,00 euros.


No contrato de Servizo de Axuda no Fogar, incremento da prestación con unha dotación adicional en relación ao ano 2021 de 557.000,00 euros.

Conservación de túneles e da infraestrutura de alumeando, 537.000,00 euros.

Novos contratos de Escolas infantís e entrada en funcionamento da de Bembrive, 377.000,00 euros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/11/2021 08:39	Páxina 16 de 29
72/142	CSV: A1A8A2-AAD7B5-D5C63C-VSKSFF-R3ZM7E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2022

Expediente: 72/142

Novas ou aumento en dotacións culturais e festas, 600.000,00 euros.

Este capítulo reflicte os gastos en bens e servizos necesarios para o exercicio e desenvolvemento das actividades propias da Entidade Local, cuxa regulación está prevista no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, ademais daquelas previstas no capítulo 25 da mesma norma e as desenvolvidas por delegación ou distintas das anteriores de acordo co previsto no artigo 7 da precitada norma.

De acordo ao previsto no artigo 7 da LRBRL, as competencias das Entidades locais son propias ou atribuídas por delegación. Só poderán exercer competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación cando non se poña en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da Facenda municipal, de acordo cos requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración Pública.

O Proxecto de orzamentos do Capítulo II da Entidade ascende a 135.607.453,43 euros, que supón unha variación do 3,36% sobre o mesmo capítulo do orzamento do ano 2021, e representa un 47,95% respecto do total do orzamento e un 56,09% sobre os gastos correntes non financeiros.


Nos estados consolidados segundo o TRLRFL dos entes con orzamento limitativo, este capítulo ascende a 137.356.931,25 euros, supón unha variación do 3,27% sobre o mesmo capítulo do orzamento do ano 2021, representa o 48,11% sobre o orzamento total e o 56,44% sobre os gastos correntes non financeiros.

Este capítulo reflicte todos os compromisos de carácter contractual e outros gastos necesarios para o funcionamento operativo, estando dotadas as aplicacións de forma axeitada e suficiente para facer fronte ás obrigas de carácter contractual e todas aquelas que se consideran necesarias para o bo funcionamento dos servizos. As aplicacións de este capítulo teñen recollida as actualizacións contractuais naqueles casos que o PCAP tiña previsto esta posibilidade ou a previsión de crecemento por modificacións contractuais.

Os servizos máis relevantes que se recollen neste capítulo son: os da recollida dos residuos sólidos urbanos, limpeza viaria, recollida selectiva, tratamento de residuos, mantemento de contedores e papeleiras, mantemento da rede semaforica, recollida de vehículos da vía pública, mantemento de xardíns e parques infantís, limpeza de colexios, limpeza de dependencias municipais, mantemento de alumeadado público, mantemento da rede viaria, mantemento de túneles, pintado dos viarios, mantemento de cemiterios, mantemento de beirarrúas, escolas infantís, escola de música, escola de teatro, escola de danza, escola de música tradicional, mantemento de colexios, mantemento de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/11/2021 08:39	Páxina 17 de 29
72/142	CSV: A1A8A2-AAD7B5-D5C63C-VSKSFF-R3ZM7E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2022

Expediente: 72/142

instalacións deportivas e culturais, prestación de servizos deportivos, cobertura de riscos, programas de metadona, centros de día, centro de servizos sociais, programas de infancia e maiores, programa de ludotecas, prestación de servizos financeiros, servizo de axuda no fogar, promoción económica da cidade, programas de inmersión lingüística, Programa socio-educativo de apoio familiar e alugueiros de bens inmóbeis.

En canto as subministracións, os máis representativos son: os de enerxía eléctrica, comunicación, combustibles, vestiario, material de oficina non inventariable, así como os contratos de prestación para o funcionamento normal dos restantes servizos.

Queda igualmente reflectido neste capítulo, aquel gasto que non ten o carácter de obrigatorio pero que ten como finalidade o desenvolvemento das competencias dos entes locais, tal é o caso das políticas culturais, educativas, deportivas, lúdicas, de xuventude, de igualdade, etc.

Dótase neste capítulo, unha previsión para os primeiros seis meses do ano 2022 para os contratos de desinfección de: Colexios, Instalacións deportivas, Museos, Parques infantís e subministro de protección COVID 19. Se no segundo semestre concorre a mesma situación, haberá que facer un axuste nas aplicacións con cargo a aquelas actividades e prestacións que non se executasen polos efectos da pandemia.

Este capítulo ten unha parte do seu financiamento con cofinanciación doutros axente públicos.

A porcentaxe de financiamento alleo finalista é do 4,45% do capítulo II dos estados consolidados.

Empregos con financiamento afectado no capítulo 2.

Aplicación	Proxecto	Emprego	Axente financiador, contía do seu financiamento						
			DUSI	Adif	Xunta	Fomento	A.Central	D.Pontevedra	
1532.2100004	22153204	Plan mellora firmes cofinanciado Deputación							950.000,00
1539.2260200	18153900	DUSI, comunicación, todos os obxect. e liñas	80.000,00						
2310.2270611	21231011	DUSI, Obxectivo OT9, LA20, 20% formación	112.000,00						
2310.2279901		Lei dependencia, Plan concertado, X. Galicia			4.167.372,00				
2410.2270610	18241051	DUSI, OT9: LA18.Emprendedores e E PYMES	86.446,26						
3112.2279901		CEDRO, Xunta de Galicia			541.039,00				
9203.2279901	21920301	Dixitalización Patrimonio cultural, AMTEGA			17.743,17				
1510.2279907		Oficina de rehabilitación, XMU			162.650,00				
Total			278.446,26	,00	4.888.804,17	,00	,00	,00	950.000,00



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/11/2021 08:39	Páxina 18 de 29
72/142	CSV: A1A8A2-AAD7B5-D5C63C-VSKSFF-R3ZM7E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2022

Expediente: 72/142

Análise funcional do gasto

Área de gasto 1, comprende esta área todos aqueles gastos orixinados polos servizos públicos básicos que, con carácter obrigatorio, deben prestar os municipios. Hai catro políticas de gasto básicas: seguridade e mobilidade cidadá, vivenda e urbanismo, benestar comunitario e medio ambiente. O capítulo 2 desta área reflicte a totalidade dos contratos de prestación dos servizos básicos, ten un crecemento do 15,32% na Entidade e dun 15,83% nos estados consolidados, fundamentado non só na variación nos contratos de prestación de servizos xa relacionados, senón na contía dos investimentos.

A Área de gasto 2, a constitúen as actuacións de protección e promoción social, na que se inclúen entre outras as de acción social e emprego, teñen unha variación do (5,04%) nos estados consolidados.

Nesta área, está incluída a política 23 de servizos sociais, na que están as becas de comedor, axudas para libros, axuda para alugueiros, alimentos e carencia enerxética, axudas a familias e fondo de emerxencia para desafiuzamentos e políticas de igualdade de xénero, que ten un crecemento nos capítulos de gasto corrente do 5,36%.

Na Área de gasto 3, na que están as políticas de educación, cultura e deporte, o crecemento é dun 6,35%. Educación crece un 0,88%, Cultura un 12,96% e Deporte, un 7,56%

En canto á Área de gasto 4, actuacións de carácter económico, onde está comercio, turismo e industria, o contrato de promoción da cidade, ten que facer os axustes temporais dos contratos de promoción a través dos operadores aéreos, a incremento é dun 1,80%.


A Área de gasto 9, onde están as políticas de carácter xeral, a administración financeira e tributaria, transferencias a outras administracións, ten unha variación do (2,55)%.

Como resume na memoria do gasto por políticas de Gasto, en xeral, hai unha constante anual no aumento das dotacións orzamentarias, aínda que este crecemento está condicionado sempre pola evolución dos recursos, tanto propios como os alleos, para o ano 2022, o crecemento en termos consolidados é dun 8,14%.

Aínda na conxuntura actual na que están de forma temporal suspendidas as regras fiscais e os obxectivos de consolidación fiscal, para garantir o control dos gastos correntes non financeiros así como sustentabilidade a teor da limitación dos recursos, aplícase o protocolo de suma cero, calquera novo gasto ou ampliación do mesmo, require que a unidade propoñente reduza gasto no mesmo programa funcional ou noutro da súa área de competencia ou aporte novos ingresos para financiar o novo ou maior gasto (pay-go), como fórmula para acadar os equilibrios orzamentarios e de garantir unha disciplina orzamentaria. Seguindo o modelo orzamentario proposto, se acometeron os novos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/11/2021 08:39	Páxina 19 de 29
72/142	CSV: A1A8A2-AAD7B5-D5C63C-VSKSFF-R3ZM7E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2022

Expediente: 72/142

gastos financiados con baixas noutras partidas ou con maiores ingresos.

VI.- CAPITULO III.- GASTOS FINANCIEROS

Este Capítulo inclúe os seguintes conceptos:

Xuros de préstamo a longo e corto prazo.

Xuros de demora.

Gastos de formalización.

Ao Capítulo III do estado de gastos se lle atribúe unha consignación de 30.530 euros para facer fronte a calquera eventualidade de xuros por depósito de garantías e para imputar os xuros xerados pola devolución de ingresos indebidos.

A dotación é testemuñal, sendo a súa finalidade a de manter unha aplicación aberta para acometer si fose o caso, unha modificación orzamentaria.

Non hai débeda financeira, polo que o servizo de débeda tanto polos custes financeiros como pola amortización de pasivos, non ten dotada contía algunha.

O capítulo 3 do estado de gastos non ten na práctica significado algún, non representado porcentaxe sobre os gastos correntes non financeiros nin sobre a totalidade do orzamento.


VII.- CAPÍTULO IV.- TRANSFERENCIAS E SUBVENCIONES CORRENTES.

Capít.	Entidade	Or. Aut. XMU	Fund. Marco	Fund.CB	Total 2020	Axus.consolidación	Total 2020
4	33.120.378,69	,00	,00	3.515,00	** Expresión errónea **	-6.704.965,00	** Expresión errónea **

A Relación de transferencias e subvencións xa se reflicte na documentación que conforma o expediente do Orzamento, non obstante, faise unha relación por programas orzamentarios dos estados consolidados.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/11/2021 08:39	Páxina 20 de 29
72/142	CSV: A1A8A2-AAD7B5-D5C63C-VSKSFF-R3ZM7E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2022

Expediente: 72/142

Gasto do capítulo 4 a Sistemas de financiamento.

Aplicación	Emprego	Importe
3330.4890000	Fundación Liste	125.000,00
3330.4890001	Fundación Laxeiro	80.000,00
3410.4890002	Fundación Vide	125.000,00
9420.4630000	Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo	178.015,20
9420.4680000	Entidade Menor de Bembrive	284.744,35
Total		** Expresión errónea **

Transferencias ao grupo de consolidación

Aplicación	Emprego	Importe
1510.4100000	XERENCIA Municipal de Urbanismo	5.829.965,00
3330.4890003	Fundación MARCO	675.000,00
4320.4890000	Fundación C.BUREAU	200.000,00
Total		** Expresión errónea **

A contía prevista para atender ao gasto en concepto de transferencias e subvencións correntes para o ano 2022 é de 33.120.378,69 euros, cunha variación do 0,49%) en comparación co orzamento anterior e unha ponderación no total de gastos do 11,71%, e do 13,70% sobre os gastos correntes non financeiros da Entidade.

Nos estados consolidados, o importe é menor que o da propia Entidade Local, unha parte importante deste capítulo é a transferencia corrente que a Entidade fai ao seu Organismo Autónomo, que se elimina no proceso de consolidación.

Nos estados consolidados, a contía é de 27.290.413,69 euros, cunha variación en relación co ano anterior do 0,59%. Este capítulo representa un 9,56% sobre o total do orzamento e un 11,21% sobre o gasto corrente non financeiro.

A contía máis relevante é a destinada a subvencionar os distintos títulos de uso do transporte urbano colectivo, nos que o Concello financia unha porcentaxe da tarifa, aínda que esa porcentaxe é distinta



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/11/2021 08:39	Páxina 21 de 29
72/142	CSV: A1A8A2-AAD7B5-D5C63C-VSKSFF-R3ZM7E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2022

Expediente: 72/142

en relación cos perfís, sendo o financiamento do 100 por 100, entre outros para pensionistas R < SMI.


Na relación que se achega, ao ser dos estados consolidados, non figura a XMU, cuxa información xa se relacionou nas transferencias de financiamento aos entes dependentes que forman parte do grupo de consolidación.

Neste Capítulo están incluídas, entre outras, as seguintes dotacións:

- Transferencia a favor da Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Transferencias a Entidade Local de Bembrive.
- Compensacións, polo concepto de diferenza de prezo do billete e prezo pagado polos beneficiarios da tarxeta PASVIGO e outras tarxetas subvencionadas, polo uso do Transporte Urbano Colectivo de Vigo, así como o Servizo de Lanzadeiras ao Campus Universitario e ao Hospital Alvaro Cunqueiro.
- Convenio FOAMPA.
- Transferencia a Mancomunidade de Municipios.
- Subvencións convocadas polas distintas áreas xestoras (Participación Cidadá, Cultura, Deportes, Benestar Social, etc).
- Convocatoria das axudas ao emprego e para a creación de empresas.
- Convocatoria de axudas a alugueiros, alimentos e carencia enerxética.
- Transferencias nominativas para eventos e determinados clubs de elite.
- Convenios de cooperación do programa de Benestar Social.
- Transferencias ás Fundacións: MARCO, LISTE, VIDE, LAXEIRO, PROVIGO, CONVENTIUN BUREAO.
- Subvencións aos Grupos Políticos Municipais.
- Convocatoria de axudas ONG.
- Convenio UNED.
- Convenio Universidade de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/11/2021 08:39	Páxina 22 de 29
72/142	CSV: A1A8A2-AAD7B5-D5C63C-VSKSFF-R3ZM7E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2022

Expediente: 72/142

RELACIÓN DE TRANSFERENCIAS E SUBVENCIÓNS CORRENTES , ORZAMENTO CONSOLIDDO 2022


Programa	Código	Importe
Seguridade e tráfico	1330	5.000,00
Urbanismo	1510	50.000,00
Fomento	1532	180.000,00
Acción Social	2310	4.029.360,00
Igualdade de xénero	2311	427.518,64
Emprego	2410	1.941.100,00
Cedro	3112	95.000,00
Servizos Educativos	3230,3231,3260	1.141.539,31
Área Cultura	3330,3331,3340	2.350.700,00
Normalización lingüística	3341	10.000,00
Xuventude	3370	77.000,00
Festas	3380	871.000,00
Deportes	3410	1.707.000,00
Comercio	4310	50.000,00
Turismo	4320	450.000,00
Transporte Público	4410	12.800.000,00
Área Alcaldía	9120	292.628,15
Participación Cidadá	9240	345.600,00
Transf. Administracións (MAIV, E.Men)	9420	466.967,59
TOTAL, 4		** Expresión errónea **

Achégase a documentación que xustifica a condición de nominativa no orzamento.

Achégase a relación por programas de gasto a condición de subvención nominativa, na que se relaciona o programa, a Entidade beneficiaria con seu NIF e a finalidade da mesma.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/11/2021 08:39	Páxina 23 de 29
72/142	CSV: A1A8A2-AAD7B5-D5C63C-VSKSFF-R3ZM7E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2022

Expediente: 72/142

VIII.- CAPÍTULO V.- FONDO DE CONTINXENCIA

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, estableceu un novo marco de xestión orzamentaria para todas as Administracións Públicas.

Neste novo marco, para poder facer fronte a determinadas necesidades de gasto non previstas nas dotacións iniciais do orzamento, a citada Lei, estende ás Corporacións Locais a obrigatoriedade de incluír nos orzamentos un Fondo de continxencia.

O artigo 31 da citada norma, establece que o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, incluírán nos seus Orzamentos unha dotación diferenciada de créditos orzamentarios que se destinará, cando cumpra, a atender necesidades de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado, que poidan presentarse ao longo do exercicio.

1.- En cumprimento do previsto no artigo 31 da LOEOeSF, o Fondo de Continxencia, dótese na aplicación 9290.5000000, cunha contía de 600.000 de euros.

2.- O Fondo destinarase exclusivamente a atender necesidades de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado, e que puidesen xurdir ao longo do ano 2022.

3.- A aplicación orzamentaria do Fondo vincúlase consigo mesma. Con cargo ao Fondo, non poderá imputarse directamente gasto algún. Tan só será utilizable, sempre que non existan outros recursos orzamentarios-financeiros para facer fronte ás necesidades de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado.

4.- O Fondo poderá financiar modificacións orzamentarias cualificadas como Suplementos de Crédito ou Créditos Extraordinarios para atender aquel tipo de necesidades excepcionais.

O expediente de modificación de créditos financiado co Fondo de Continxencia, será aprobado polo Pleno da Corporación con suxeición aos requisitos previstos no TRLRFL.


Non hai variación en relación co ano anterior, representa o 0,21% do total do orzamentado tanto da entidade como nos estados consolidados.

IX.- CAPITULO VI.- INVESTIMENTOS REAIS

Resume de investimentos por grupo de programa, estados consolidados.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/11/2021 08:39	Páxina 24 de 29
72/142	CSV: A1A8A2-AAD7B5-D5C63C-VSKSFF-R3ZM7E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		




CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2022

Expediente: 72/142

G. de programa	Investimento	
	Xestor	Importe
132	Seguridade e Orde Público	26.000,00
133	Ordenación tráfico	2.000,00
136	Servizo de extinción de incendios	1.400.000,00
151	Urbanismo	998.000,00
153	Fomento	25.419.948,42
161	Abastecemento e saneamento	20.000,00
162	Recollida de RSU	15.000,00
164	Cemiterios	60.000,00
165	Alumeado	600.000,00
171	Parques e Xardíns	1.281.000,00
172	Protección e mellora do M. ambiente	2.205.000,00
231	Acción Social	385.360,00
241	Fomento de emprego	30.000,00
311	Protección salubridade pública	4.900,00
323	Promoción educativa	391.143,90
326	Servizos complementarios educativos	19.000,00
332	Bibliotecas e arquivos	15.000,00
333	Museos	45.000,00
336	Patrimonio histórico	630.000,00
337	Ocio e tempo libre	20.000,00
342	Instalacións deportivas	888.000,00
431	Comercio	150.000,00
432	Promoción turística	558.000,00
912	Órganos de goberno	3.000,00
920	Administración xeral	750.000,00
924	Participación cidadá	88.000,00
933	Xestión do patrimonio	4.737.000,00
Total		** Expresión errónea **





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2022

Expediente: 72/142

No expediente incorporase o detalle dos investimentos, ademais, tamén se fai a relación nun dos informes orzamentarios.

A contía dos investimentos consolidados é de 40.741.352,32 euros, representa un 14,27% do orzamento total.

O superávit ordinario que financia o plan de investimentos representa un 42,64% da totalidade dos empregos.

O financiamento alleo que corresponde aos empregos en investimentos ten como axentes públicos os seguintes: FEDER, Administración Central polos FRTR e a DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

Empregos con financiamento alleo correspondentes aos investimentos


Aplicación	Proxecto	Emprego	Axente financiador, contía do seu financiamento				
			DUSI	Adif	Xunta	A.Central	D.Pontevedra
1510.6220000	22151001	Investimentos eidificos Praza da Igrexa				850.000,00	
1532.6090063	20153263	Acceso peonil S.Avenidaño-V.Norte FRTR				5.990.000,00	
1532.6190000	22153200	Humanización Rotonda Barco e Dario Durán					450.000,00
1532.6190008	22153208	Humanización S. Roque, Gre-Espino-Ruiseñor					600.000,00
1532.6190019	21153219	Paseo Marítimo de Bouzas, FRTR				2.355.000,00	
1532.6190032	21153232	Humanización Martínez Garrido, última fase					715.055,00
1532.6190050	22153250	Carril bici marxe dereito Avd.Europa, FRTR				200.000,00	
1532.6190065	20153265	Integración urbana Vía Verde, FRTR				1.860.000,00	
1539.6190000	21153900	2ª fase G. Vía, FRTR				3.145.000,00	
1539.6190011	21153911	Vigo Vertical, 2ª actuación T. de Vigo Aragón					600.000,00
1539.6190012	21153912	Vigo Vertical J.R.Jimenez-J.Benavente-Torreced					600.000,00
15396190013	21153913	Vigo Vertical, J.R.Jimenez Av Camelias- Hispan.					943.697,48
1650.6190010	22165010	Mellora eficiencia enerxética edificios M.FRTR				150.000,00	
1721.6090010	22172100	Recup dunar Samil, fase 1, P.Punta-Camaleón					1.530.000,00
2310.6400012	21231012	DUSI, OT9 LA20 Mellora proc. xestión interna	190.400,00				
3230.6220005	21323005	Cubrición de patios en colexios					275.000,00
3360.6190010	22336010	Musealización da Fortaleza do Castro FRTR				600.000,00	
4320.6090020	22432020	Sinalización dixital en mupis dixitais,, FRTR				250.000,00	
4320.6410010	22432010	Web APP e contidos dixitais,, FRTR				300.000,00	
9207.6400004	18920714	DUSI, OT2, LA3, identidade cidadá.	120.000,00				
9207.6400006	18920716	DUSI, OT2, LA5, Open Goberment, inmaterial.	78.569,08				
9330.6320010	14933010	Investimento mellora E. F. Balaidos					1.567.000,00
Total			**	**	** Expresión	** Expresión	** Expresión errónea

Informe económico de gastos, Orzamento Concello de Vigo para o ano 2022

26



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/11/2021 08:39	Páxina 26 de 29
72/142	CSV: A1A8A2-AAD7B5-D5C63C-VSKSFF-R3ZM7E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2022

Expediente: 72/142

En relación aos FRTR, os do MITMA correspondentes á Solicitud 1, teñen financiamento no orzamento do ano 2021, polo que, de non producirse resolución favorable, o seu financiamento estará condicionado á incorporación de remanentes de crédito ao orzamento do ano 2022.

Isto é aplicable ás aplicacións 1539.6190000, 1532.6090063, 1532.6190019 e 1532.6190065.

Non se reflicten os proxectos correspondentes á Solicitud 2.

En relación con Plan de Sostibilidade Turística de Vigo, aprobado pola XGL en sesión do 27 de setembro de 2021, incorpórase a primeira anualidade de parte dos Eixes, xa que en algún caso, como o da recuperación dunar en Samil, como xa ten financiamento propio e alleo, si se concedese este proxecto, podería substituírse a cualificación do financiamento. En canto ao proxecto do centro de visitante, non se relaciona, está a ser tramitado e coordinado pola XMU.

As aplicación orzamentarias que conforman estes proxectos son: 1532.6190050, 1650.6190010, 3360.6190010, 4320.6090020, 4320.6410010.

Os conceptos son 72005, 72006, 72007, 72008 e 72009.

En relación ás devanditas aplicacións, até que se notifique a resolución positiva se fose o caso, os créditos no estado de gastos non serían executivos.

Incorpórase a anualidade prevista para facer fronte ao programa de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (DUSI) que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020, regulado pola Orde HAP/2427/2015. O financiamento que lle corresponde ao Concello é o 20% e ao FEDER o 80%.

As obras do Estadio de Balaídos, onde o cofinanciamento é ao 50% coa Deputación de Pontevedra,, neste ano, o financiamento da Deputación supón a contía para igualar as contías comprometidas e que adiantou na anualidade do ano 2021.


Forma parte da documentación que conforma o expediente orzamentario, un plan de investimentos que recolle os dos anos 2022 -2025.

X.- CAPITULO VII.- TRANSFERENCIAS E SUBVENCIONS DE CAPITAL.

Son de aplicación a este Capítulo, as achegas que fai a Entidade Local, sen contraprestación directa do axente perceptor con destino a financiar operacións de capital dos axentes.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/11/2021 08:39	Páxina 27 de 29
72/142	CSV: A1A8A2-AAD7B5-D5C63C-VSKSFF-R3ZM7E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2022

Expediente: 72/142

A contía destas achegas ascende á 771.444,00 euros na Entidade Local, que supón unha variación do (46,03%) en relación ao exercicio 2021, cunha ponderación do 0,27% sobre o total do Orzamento.

No Orzamento consolidado, a contía é de 841.444, cunha variación do (43,88%) e unha ponderación orzamentaria do 0,29% sobre o Orzamento total.

É un capítulo que ten unha importante estabilidade, que nestes dous últimos anos tivo unha alteración polo convenio asinado coa EPE, edificios intelixentes, no cal, o investimento foi de 5 millóns de euros, a Entidade Local achegaba 1 millón, con 0,5 millóns en cada unha das anualidades 2020, 2021, sendo esta a xustificación da variación á baixa este ano.

Capít.	Entidade	Or. Aut. XMU	Fund. Marco	Fund.CB	Total 2022	Axus.consolidación	Total 2022
7	771.444,00	70.000,00	,00	,00	** Expresión errónea **	,00	** Expresión errónea **

As dotacións que figuran neste capítulo orzamentario son as seguintes:

Aplicación	Proxecto	Investimento	2022
			Rc propios
1510.7800000	22151008	Axudas Accesibilidade edificios	50.000,00
1510.7800001	22151009	Axudas Edificios históricos	20.000,00
1510.7670000	22151030	Transferencia para o Plan Actuación CCVV	44.444,00
2310.7800000	21231000	Subvención a mellora de fogares	50.000,00
3360.7800010	21336010	Subvención mellora do Patrimonio Histórico Artístico/Relixioso	200.000,00
3420.7700000	21342000	Subvención instalacións deportivas centros educativos	150.000,00
3420.7800011	21342011	Axudas a melloras en Instalacións deportivas	150.000,00
9240.7800002	21924003	Asociación nenos hiperactivos, ANHIDA	2.000,00
9240.7800010	21924010	Subvencións entidades cidadás e colectivos	175.000,00
Total			** Expresión errónea ** *


XI.- CAPITULO VIII.- ACTIVOS FINANCIEROS

Informe económico de gastos, Orzamento Concello de Vigo para o ano 2022

28



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/11/2021 08:39	Páxina 28 de 29
72/142	CSV: A1A8A2-AAD7B5-D5C63C-VSKSFF-R3ZM7E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2022

Expediente: 72/142

As dotacións provisionais deste capítulo son de 500.000 euros na entidade e de 532.000,00 nos estados consolidados, e ten como finalidade a tramitación de anticipos ao persoal.

A dotación representa un 0,19 por 100 sobre o total do orzamento consolidado.

XII.- CAPITULO IX.- PASIVOS FINANCIEROS

O Capítulo IX reflicte o gasto correspondente ás cotas de amortización anual das diferentes operacións de endebedamento financeiro.

Non hai débeda financeira, polo que o servizo de débeda pola amortización de pasivos, non ten dotada contía algunha.

XIII.- CONCLUSIÓN

En resumo, a totalidade dos créditos consignados no estado de gasto do orzamento son suficientes para atender o cumprimento das obrigas esixibles a este Concello por tódolos conceptos coñecidos na fase procedimental de formación do proxecto do orzamento para o ano 2022, e polo tanto, suficientes para facer fronte aos contratos vixentes así como aquelas outras previstas no orzamento e os gastos de funcionamento operativo dos distintos servizos de competencia municipal.

En Vigo á data da sinatura electrónica

O Tesoureiro e Responsable Superior Contable e Orzamentario: Luís García Álvarez

O Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda : Jaime Aneiros Pereira

(Delegación, Resolución Alcaldía de 18 e 26/06/2019, texto consolidado do 04/09/2020)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/11/2021 08:39	Páxina 29 de 29
72/142	CSV: A1A8A2-AAD7B5-D5C63C-VSKSFF-R3ZM7E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		